



MULLERES
APAMP

8 MARZO
2018

Muller namorada
da vida. Muller que
decidiu por si
mesma o que
era e o que
non era.

Muller que perseguiu
os seus soños. Muller
chea de razóns
polas que
loitar.
Muller
libre

HISTORIAS DE MULLERES:

No sector das entidades sociais, en concreto o das entidades da discapacidade, a plantilla de traballadores é maioritariamente de mulleres, que desempeñan un papel principalmente na atención directa, **nos coidados, papel sempre asumido polas mulleres**, mulleres que coidan, que nos coidan e coidamos dende a nenez ata a vellez.

Sen embargo, nos postos de responsabilidade como direccións xerais ou xerencias a cousa cambia, e os responsables son homes. Isto acontece porque no momento do nacemento dos fillos, as mulleres reducen as xornadas laborais, e non o fan os seus homes, e isto dificulta o acceso a estes cargos. **Tamén hai que dicir que nos cargos de decisión, aínda hai a idea de que os homes o fan mellor.**

As organizacións sociais xurdiron do traballo de moitas mulleres que detectaron carencias sociais e que se agrupan para darlle resposta, e sen embargo, nas

CONCHI

xuntas directivas e nas presidencia das entidades sociais seguen sendo os homes unha maioría. Na nosa organización nunca tivemos unha presidenta!!!

Se boto unha ollada ás entidades máis próximas do noso colectivo e ás persoas que as representan como directivos, tanto presidentes coma xerentes, os homes seguen sendo maioría nestes postos.

Eu cheguei a este cargo por casualidade, porque a organización foi evolucionando segundo as necesidades das persoas atendidas, e eu estaba alí e intentaba atopar unha resposta. Nunca fun nomeada para esta tarefa, xurdiu de xeito espontáneo.

As mulleres directivas temos que demostrar máis!!!! No momento en que asumes un rol directivo é difícil falar de horarios, tes unhas responsabilidades que van máis

alá das horas pactadas, o contrario sería enganarnos. Isto fai **complicado conciliar a vida familiar e laboral**, se non hai un compañeiro que te apoie na casa, ademais dos avós, vamos que tes que ter unha rede que supla as túas ausencias.

Neste sector hai ademais un compoñente emocional moi importante, **tes que crer moito no que fas**, nas persoas ás que atendes, no colectivo que representas, e iso supón unha dedicación extra, para a que creo nos estamos mellor preparadas, ou moito máis entrenadas.

E segues a atopar políticos que nunha reunión che din que estás moi guapa!!!!

Eu percibo, aínda hoxe, que nunha reunión de traballo se lle da máis peso á voz dos homes que á das mulleres.

Neste século aínda temos maior índice de paro, menores salarios.. e menor presenza en cargos directivos...